



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email coruna@cigtelefonica.com  
www.cigtelefonica.com

## Pleno do Comité Nº 7 - 14 de decembro de 2007

**1.- Actas:** Están entregados os borradores dos plenos 5 e 6, quedan pendentes de aprobar.

### **2.- Comisións:**

**Xestión:** Celebrouse reunión o 13 de decembro onde se tratou o tema de O+M. Como no Punto 3 se fala desta mesma cuestión trátase nese apartado. Tamén volveu a falarse do asinado de actas, non queda a cousa nada clara pois a empresa está a impedir que se facilite o borrador das actas ó mesmo tempo a todas as partes.

**Todo o relativo ás Comisións de Xestión podedes consultalo na nosa web**

**Horas Extras:** Pretendíase nomear dous representantes do Comité para unha Comisión Provincial de Horas Extras que aparece recollida no Artigo 85 da Normativa Laboral publicada no ano 1994. Dende a CIG defendemos que ese apartado da Normativa non está en vigor, que as horas extras son competencia da Comisión Provincial de Xestión. A Comisión Provincial de Horas desapareceu nesta provincia no ano 1999 despois de asinarse o Convenio 1999-2000 e as horas extras pasaron a tratarse na Comisión de Xestión como acredita a documentación daquel tempo. Asimesmo manifestamos o noso rexeitamento á posición da empresa e os seus socios pois o que pretenden é excluírnos do tema xa que esta iniciativa de crear a comisión de horas dáse despois de que:

- A CIG presentara denuncias na Inspección de Traballo pola realización de horas extras encubertas (tarefas) e pola utilización de esquiros facendo horas extras para rebentar a folga de Liteyca.
- A CIG solicitara da empresa que informe sobre as prolongacións de xornada, cousa que nunca fixera ata agora.
- A proposta da CIG, en varias ocasións o comité asinara con reparos a información mensual sobre horas extras que se envía á Inspección.

Despois de moito debate con posturas enfrontadas, o Presidente queda en consultar o tema para tratalo nun próximo Pleno.

**3.- O+M:** Trátase como punto por estar incluído no orde do día. De novo se volve a falar de O+M aínda que agora se engade ó tema da actividade o problema de quendas en Tx. Na Comisión de Xestión a RRTT lle propuxo varias medidas para ampliar o persoal en Tx: Traslados, convocatorias, promocións, cambios de acoplamento etc. Ningunha lle vale á empresa que pretende unha medida urxente xa de cara a xaneiro. Quedamos en facer unha xuntanza as organizacións sindicais co persoal do O+M para tratar este tema.

A postura da CIG é clara: Tx e Cx son grupos separados con actividades separadas, a falla de persoal de Tx non se soluciona sacando persoal de Cx, agravaría tamén o problema en Cx.

**4.- Negociación Colectiva:** Punto proposto pola CIG, entendemos que se debe abordar xa dende o Comité Provincial e procurar a participación de todo o Cadro de Persoal na Negociación do Convenio. Presentamos unha proposta (ver documento) e faise votación co seguinte resultado:

- Votos a Favor: 5 (CIG, CGT, STC-UTS)
- Votos en Contra: 10 (CCOO, UGT)
- Abstencións: 2 (AST)

Por tanto a proposta é rexeitada, dende a CIG seguiremos buscando a participación dos traballadores na Negociación Colectiva en todos os ámbitos que poidamos.

### Proposta de Resolución da CIG ó Comité de Empresa

A CIG insta ó Comité Provincial de A Coruña a comezar co proceso de Negociación Colectiva coa elaboración dun calendario de Asembleas que possibiliten a participación de tódolos traballadores/as na elaboración dunha plataforma conxunta de Convenio Colectivo.

A Coruña a 14 de decembro de 2007